



Versións dos artigos científicos e acceso aberto



Draft / Discussion Paper
(Borrador de traballo)



Preprint / Submitted Version
(Versión enviada ao editor)



 **Revisión por pares**



Postprint / Accepted Manuscript
(Versión final dos autores que inclúe os cambios propostos polos revisores)
Tamén chamada **Author's final version**



Published Version
(Versión final publicada polo editor)



Consultar a política da revista/ editorial para comprobar a versión que se pode depositar nun repositorio



Investigador: conserva todas as versións do ciclo de vida dos teus documentos



As grandes editoriais científicas adoitan permitir depositar esta **versión en repositorios**



Versións aptas para cumprir os requirimentos da Lei da Ciencia e Horizonte 2020





Como cumprir cos mandatos de acceso aberto

Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación (art. 37) e Programa Horizonte 2020 (art. 29.2)



A quen afecta

Investigadores que publiquen os resultados da súa investigación



Que obriga a depositar

As publicacións (na súa versión final) resultado da súa investigación nun repositorio institucional ou temático



Cando depositar nos repositorios

Lei da Ciencia, a Tecnoloxía e a Innovación
Máximo 12 meses desde a súa publicación

Horizonte 2020
Entre 6 e 12 meses desde a súa publicación

De que maneira



Revista ou artigo publicado en acceso aberto
(vía dourada ou híbrida con pago de APC)



Revista comercial
(revisar a política da editorial para comprobar versión e embargo). Habitualmente o postprint



Tipos de versións



Draft/Discussion Paper
(Borrador)



Preprint/Submitted Version
(Versión enviada ao editor)



Postprint/Accepted Manuscript
(Versión final do autor con revisión)



Published Version
(Versión final publicada)

Poden afectarme outros mandatos?



Si,

A túa universidade, o teu goberno rexional,..., poden ter un mandato específico de acceso aberto.
De ser o caso, deberás coñecer as súas condicións.



Datos de investigación en aberto



Plan Piloto **Horizonte 2020**



Conserva os teus dereitos de autor fronte ás editoriais

Ten en conta antes de asinar o contrato



Versión do documento
que se pode depositar en aberto



Consulta

SHERPA
RoMEO



DULCINEA



Cando se pode depositar en aberto



Embargo



Tempo que a editorial se reserva para distribuír en exclusiva o artigo.



Que dereitos de explotación conserva o autor sobre o documento cedido á editorial



Inclúe unha adenda



Ao asinar o contrato engade que está suxeito ás condicións da adenda que achegues.



Poñer o teu traballo na túa propia web ou nun repositorio.



Usar unha copia do teu traballo para distribuír entre os teus estudantes ou nun curso.



Usar a túa publicación como base para futuros artigos.

Se cedes todos os teus dereitos, é posible que non poidas...

Con elas mostrarás que condicións estableces para usar a túa obra.



cc creative commons



Beneficios de publicar nos repositorios institucionais

Que son os repositorios institucionais?

Son sistemas en liña de acceso aberto que teñen o obxectivo de almacenar, preservar e difundir a produción científica e académica da comunidade universitaria.



→ Obxectivos



Difusión



Visibilidade



Impacto



Preservación

Que beneficios proporciona un repositorio?



ao investigador

- Permite publicar en aberto os documentos resultado de investigación e así cumprir os mandatos (de organismos financiadores).
- **Máis visibilidade e impacto**, máis citas.
- Garante unha **correcta xestión dos dereitos de autor**.
- **Aceso perpetuo aos traballos** mediante ligazóns permanentes.
- **Datos de uso** que permiten participar en avaliacións.
- Permite o depósito de **todo tipo de documentos**, mesmo inéditos (artigos, monografías, capítulos de monografías, comunicacións en eventos, teses, traballos académicos, datasets, vídeos, etc.) **e en todo tipo de formatos**.



á universidade

- **Reunir e difundir** ao mundo a produción científica e académica da institución.
- **Aumentar a visibilidade** da institución a través das obras dos seus autores e mellorar o posicionamento en Google.
- **Preservar para o futuro** a obra dos autores e a actividade intelectual da universidade.



á sociedade

- **Permite o acceso ao coñecemento** para toda a sociedade e a súa reutilización en beneficio de todos.
- Permite **visibilizar** e render contas do investimento público realizado en investigación.
- **Diminúe a brecha de acceso á información** entre as institucións e países.